



¿Que é a mobilidade funcional?

A empresa pode impoñer a realización de novas funcións sen que implique un ascenso de categoría ou nivel.

O novo Convenio Colectivo 2003-2006 introduce a mobilidade funcional nas Caixas de Aforros.

¿Que é a “mobilidade funcional”?

A empresa pode impoñer unilateralmente a realización de novas funcións ou proceder a un cambio de posto, sen que implique un ascenso de categoría ou nivel salarial.

Será a empresa quen limite a mobilidade en base ás funcións nas que se necesite apoderamento ou determinada formación.

¿Hai limitacións na mobilidade funcional nas Caixas?

Será a propia empresa a que limite a mobilidade en base aos postos de traballo ou funcións para as que se necesite un apoderamento ou unha determinada formación.

Quen sexa nomeado pola empresa como Interventor ou Director terá dereito, como ata o de agora, a un nivel retributivo fixado pola Clasificación de Oficinas.

A mobilidade funcional nas Caixas supera a establecida no artigo 39 do E.T.

Nas Caixas crease un só grupo profesional, e non hai definición das funcións do grupo, nin por niveis retributivos. Entendemos que a mobilidade funcional nas Caixas é superior a establecida no artigo 39 do Estatuto dos Traballadores/as.

¿Os administrativos terán obxectivos comerciais?

Si, a Dirección poderá establecer tarefas e obxectivos comerciais individualizados para o persoal administrativo. Os apoderados terán que realizar funcións administrativas, malia que non de xeito prevalente.

A dirección poderá establecer obxectivos comerciais para os administrativos.

¿Que pretenden, como nos vai a afectar?

Coa implantación da mobilidade funcional pretenden eliminar os “puntos mortos” e “días valle” (un 30% da xornada laboral segundo algunhas caixas), procuran así un incremento da produtividade.

Incrementáanse os ritmos e cargas de traballo ás que estamos sometidos.

Incrementaranse pois os ritmos e as cargas de traballo, o que xunto á falta de redución da xornada laboral levará a redución de persoal nos centros de traballo.